



CG/-

Asunto	Informe en relación á resposta do promotor ao informe do 20.12.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE-OU-008-21(4)
Proxecto	Parque eólico Serra do Faro Ampliación II		
Espazo natural	Ningún		
Concello	Rodeiro. Dozón (Pontevedra). San Cristovo de Cea e Piñor (Ourense).		
Provincia	Pontevedra e Ourense		
Solicitante	Servizo de Avaliación de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático	Ref.	2020/0155
Promotor	Pena da Costa Eólica S.L.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante oficio do 11/01/2023 do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, resposta da promotora do 10.01.2023, ao informe anterior desta dirección xeral do 20.12.2022 sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico Serra do Faro Ampliación II, aínda que no escrito faise referencia ao parque eólico Ampliación Alto da Croa II.

Mediante nota interior do 12/01/2023 da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a mesma documentación sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico Serra do Faro Ampliación II.

En ambos os escritos solicítase novo informe.

A documentación recibida é a seguinte:

- Achega de documentación separada da solicitude dentro do procedemento de autorización de instalacións de produción de enerxía eléctrica (IN408A), firmada por lo representante de Pena da Costa Eolica SL o 10/01/2023.





- 20230110 resposta informe terceiro DXPN PE Serra do Faro Amp II IN408A 2020-17 fd.
- Resposta Informe PE-OU-008-21 3 DXPN PE Serra do Faro Amp II IN408A 2020-17.
- Documento Tecnico para Revision del Informe PE-OU-008-21 3 DXPN. Diciembre 2022.
- Medidas Propuestas en respuesta al Informe PE-OU-008-21 3. Enero 2023.

Anteriormente, mediante nota interior do 19/12/2022 do Servizo de Avaliación de Proxectos da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, petición de informe relativo aos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia, derivado do feito que esta instalación se atopa nun ADE no que hai proxectados varios proxectos. En resposta a esta solicitude emitíuse informe o 20/12/2022 no que se informaba que o efecto sinérxico e acumulado sobre a avifauna e os quirópteros sería un impacto ambiental crítico, polo que concluíuse que o proxecto presenta impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade e, por tanto, emitíuse informe desfavorable.

II. Resumo e análise da documentación.

No escrito de resposta asinado por Antonio Vázquez Fernández, en representación da empresa promotora, fanse cinco alegacións:

- Primeira.- Antecedentes de necesaria consideración.
- Segunda.- Vulneración de la doctrina de los actos propios.
- Tercera.- El Informe complementario no justifica ni motiva con fundamentación suficiente el cambio de criterio respecto del Informe favorable anterior.
- Cuarta.- Justificación técnica de la inexistencia del impacto ambiental crítico y sinergia negativa que se indica en el Informe complementario.
- Quinta.- Medidas adicionales al Proyecto.



A continuación se procederá a interpor inicialmente unha sucinta referencia ao contido considerado esencial destas alegacións para de seguido proceder a efectuar as observacións ás mesmas por parte da DXPN.

As alegacións presentadas con independencia do seu número expoñen tres alicerces básicos, consistentes en:

1. Sobre o suposto cambio de criterio.

Na primeira alegación, o representante procede a expoñer os informes emitidos por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación co parque eólico Serra do Faro Ampliación II, poñendo de relevo o emitido con data 25/10/2022 que foi favorable á construción do parque eólico. Seguidamente sinala que o "26/12/2022" emitíuse outro informe, neste caso desfavorable, expresando que *"el mismo supone un cambio de criterio ante las mismas circunstancias concurrentes en la fecha de emisión del informe favorable anterior, sin que se hubiese alterado ningún elemento ni exista nueva información, documentación o normativa que justifique una valoración diferente a la realizada para el Proyecto Serra do Faro Ampliación II, que dispone de todos los informes favorables para el otorgamiento de la Declaración de Impacto Ambiental"*.

Na segunda alegación vén a dicir que este cambio supón unha vulneración da doutrina dos actos propios.

2. Nun segundo corpo expositivo se entra xa a cuestionar o sentido desfavorable do último informe do 20/12/2022.

Na terceira alegación acusan numerosos aspectos, tal que:

- ❖ *"El Informe complementario adolece de falta de motivación suficiente basada en datos reales y ciertos"*.
- ❖ *"Todas las consideraciones que realiza el Informe complementario sobre los supuestos efectos sinérgicos negativos son genéricas e hipotéticas, sin una concreción específica que justifique con rigor el cambio de criterio que se está realizando, y sin que existan pruebas basadas en estudios y datos reales que acrediten el supuesto impacto ambiental negativo ni el carácter desfavorable"*.





del informe, que impediría la ejecución de un Proyecto de producción de energía renovable”.

- ❖ Cita o o Considerando 8 do recente Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello do 22 de decembro de 2022 polo que se establece un marco para acelerar o despregamento de enerxías renovables, que indica o seguinte:

*“Las instalaciones de energías renovables, incluidas las bombas de calor y la energía eólica, son cruciales para luchar contra el cambio climático y la contaminación, reducir los precios de la energía y la dependencia de la Unión de los combustibles fósiles, y garantizar la seguridad del suministro de la Unión. **La presunción de que las instalaciones de energías renovables, incluidas las bombas de calor, son de interés público superior y contribuyen a la salud y la seguridad públicas**, permitiría, en caso necesario, que tales proyectos se beneficiaran, con efecto inmediato, de una evaluación simplificada de las excepciones específicas que se contemplan en la legislación medioambiental pertinente de la Unión (...)”*

- ❖ *“El Informe hace referencia a la existencia de un grupo de aerogeneradores próximo, mencionado los Parques Eólicos Chantada modificado, Coto frío, Penas Grandes modificado, Serra do Faro 1ª fase, Serra do Faro ampliación, para concluir que “Por todo o sinalado se desprende un alto nivel de ocupación e saturación (...)”*

Se debe indicar con respecto absoluto, que los Proyectos en tramitación y nuevas solicitudes no pueden ser consideradas como parte del supuesto “alto nivel de ocupación”, y en todo caso, al analizar las sinergias, se debe establecer la prioridad o prevalencia de cada Proyecto que resulta de la fase de tramitación en la que se encuentre cada uno de ellos, o de sus particulares características, sin que el juicio de sinergias pueda implicar un rechazo total y absoluto de todos los proyectos como si las circunstancias fueran las mismas y existiese por ello un impedimento absoluto para su desarrollo, en contra de las reglas de tramitación que regula la propia normativa sectorial (Ley 8/2009, de 22 de diciembre)”.

- ❖ *“Parece que la Dirección Xeral de Patrimonio Natural se ha limitado a consultar el Rexistro Eólico de Galicia y a realizar una enumeración de los proyectos allí recogidos, sin un análisis específico de los mismos, y sin tener en cuenta el orden de prioridad”.*
- ❖ *Considera que un estudo de sinerxias só ha de considerar aqueles aerogeneradores xa autorizados, en funcionamento ou en obras, tal e como*





recolle o apartado 4.b) 5º do Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, sen considerar aqueles que están en fase de tramitación administrativa.

- ❖ *"La consideración de solicitudes y de proyectos en tramitación con distintos plazos en el trámite de autorización administrativa, no ofrece conclusiones ciertas para la valoración sinérgica final, lo que determina que el Informe complementario sea inexacto y no se ajuste a la realidad, dando lugar a una actuación contraria a Derecho".*

Pasando á cuarta alegación, o escrito di que *"desde un punto de vista técnico, no concurren las sinergias negativas cuya existencia se afirma sin prueba en el Informe complementario"* e trata de probalo presentando o *"Documento Tecnico para Revision del Informe PE-OU-008-21 3 DXPN, realizado por la consultora ambiental Adantia en fecha 30 diciembre de 2022"*, cuxas conclusións son as seguintes:

- ❖ *"I. Los datos de partida empleados para su análisis en el informe PE-OU-008-21(3) están desactualizados y las conclusiones que de él se extraen son inexactas y pueden ser incorrectas.*
- ❖ *II. Para la realización del análisis sinérgico, debieran considerarse únicamente aquellos aerogeneradores ya autorizados, en funcionamiento o en obras, tal y como se establece en el apartado 4.b) 5º del Anexo VI de la Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de Evaluación Ambiental.*
- ❖ *III. En el ADE Serra do Faro se localiza una superficie de 5.135,57 hectáreas de espacios naturales protegidos, correspondientes a zonas ZEC que en ningún caso es afectada por el Parque Eólico Serra do Faro Ampliación II.*
- ❖ *IV. No resulta posible conocer el porcentaje de ocupación a partir del cual se considera que se produce efecto sinérgico crítico. Esta circunstancia, impide al promotor la realización de un análisis objetivo que pudiera evidenciar los aspectos concretos del proyecto susceptibles de mejora."*



En realidade, nas conclusións do documento técnico inclúese unha quinta conclusión que, dado que o representante da entidade promotora non o recolle, enténdese que non a fai súa:

- ❖ *“V. En concordancia con la Administración competente, se propone establecer un plan de custodia del territorio que garantice el mantenimiento a largo plazo de hábitats adecuados para especies catalogadas como vulnerables en el Catálogo Gallego de Especies Amenazadas, preferentemente en el ámbito del ADE. En su caso, de común acuerdo con titulares de otros proyectos que se materialicen en la misma.”*

Engade que *“el propio Estudio de Impacto Ambiental del que es conocedora la Dirección Xeral de Patrimonio Natural y que fue informado favorablemente por la misma en fecha 25 de octubre de 2022 analizaba los efectos sinérgicos del Proyecto, y demuestra de forma fundamentada la compatibilidad del Proyecto con los valores naturales existentes”*.

3. En último lugar hai un terceiro corpo expositivo relativo a unha proposta de modificación do proxecto.


Neste caso indican, e subliñan reiteradamente, que no hipotético suposto de que se considerase que o informe complementario fose válido (circunstancia coa que manifestan que de ningún xeito estarían de acordo), requiren que se valoren as medidas propostas que non alteran as condicións esenciais do proxecto nin supoñen modificacións de aspectos ambientais que afecten á súa tramitación, e que se recollen no documento técnico adxunto ao presente escrito denominado *“Medidas Propuestas en respuesta al Informe PE-OU-008-21 3. Enero 2023”*, e que consisten, esencialmente, no seguinte:

- ❖ *“Eliminación de los aerogeneradores nº 1 y 3 (complementaria a los aerogeneradores previamente condicionados 2, 4 y 5 mediante informe de clave PE/OU/008/21(2).*
- ❖ *Eliminación de todas las infraestructuras asociadas a dichos aerogeneradores: accesos, viales, plataformas, áreas de acopio, zanjas para conductores, etc.*



- ❖ *Se mantienen las características dimensionales y las ubicaciones iniciales para los restantes aerogeneradores del proyecto (nº 6, nº 7 y nº 8); esto es, modelo V136, con un diámetro de rotor 136 y una altura de buje 105 m.*
- ❖ *Se incrementa la potencia unitaria instalada para estos aerogeneradores, pasando de los 4,2 MW a 4,5 MW.*
- ❖ *Desde el punto de vista de afección territorial, de acuerdo con el criterio de la DXPN, la eliminación de los dos aerogeneradores de la Alternativa Este (aerogeneradores nº 1 y 3) permite alejar a 4,5 km de los límites de Red Natura 2000 las infraestructuras generadoras.”*

A situación exposta pode verse no seguinte mapa obtido do documento técnico; das áreas de cor rosada eliminaríase a oriental para quedar só a do oeste con 3 aeroxeradores:



Unha vez feita esta posta antecedentes dos corpos principais das alegacións presentadas pola promotora procede de seguido interpor as observacións desta DXPN ao respecto das mesmas. Dividiranse as respostas tamén en tres bloques.



1. Resposta ao primeiro bloque expositivo:

Esencialmente o promotor neste primeiro corpo expositivo supón que a DXPN cambia de criterio e que non o motiva, sendo unha actuación contraria a dereito.

Neste sentido indicar que é correcto o sinalado en relación a que o primeiro informe do 25/10/2022 tiña un carácter favorable e que o posterior do 20/12/2022 desfavorable. Tamén é correcto o que se indica cando se refire que para o informe do 25/10/2022 xa se dispoñía da mesma información, documentación ou normativa, que había para cando se emitiu o informe do 20/12/2022. Non obstante o anterior non hai un "cambio de criterio", simplemente se incorpora no segundo informe unha análise que, a solicitude do órgano ambiental, precisaba ser incorporada ao informe para complementalo adecuadamente. Para atender a esta e outras solicitudes similares houbo que establecer unha metodoloxía de análise, froito da cal produciuse un resultado con sentido desfavorable.

Neste senso tamén cabe destacar que non se volta informar sobre elementos xa informados, posto que non se fixera unha análise e valoración de efectos acumulativos e sinérxicos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade. Engadir, en todo caso, que o procedemento administrativo no cal se integra o informe da DXPN en ningún momento chegou ao seu termo, non habendo por tanto unha resolución, autorización e declaración de impacto ambiental do mesmo, cuestión que permite subsanar, ao igual que o promotor, asuntos complementarios.

Os motivos primeiros da emisión do informe, tal e como se recolle no mesmo, son os derivados da solicitude que o órgano ambiental fai a esta DXPN o 19/12/2022 e especificamente en relación a caracterización dos efectos sinérxicos do parque eólico de referencia.

Non obstante esta consideración por parte do promotor cabe sinalar que a motivación que leva a informar negativamente o proxecto é clara, no mesmo escrito se chega a recoller, e ben sendo a xeración de impactos negativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, en concreto sobre a poboación de aves e quirópteros. Impacto que se producen nun entorno no cal a capacidade de acollida do medio se atopa no límite, xunto coa homeostasis e resiliencia do



ecosistema, cuestión que é analizada no marco dos efectos sinérxicos e acumulativos deste parque eólico.

2. Resposta ao segundo bloque expositivo:

Sobre as cuestións expostas na resposta do promotor recollidas nas alegacións terceira e cuarta, desde a Dirección Xeral de Patrimonio Natural debe dicirse o seguinte:

- ❖ O EsIA presentado dedica o seu apartado 8.7 á identificación e valoración dos efectos acumulativos (aditivos ou sinérgicos) con parques eólicos próximos. Neste apartado dise que:

*“En este apartado se estudiarán los efectos aditivos y/o sinérgicos que sucedan entre los elementos del presente proyecto (PE Serra do Faro Ampliación II) con otros proyectos: parques eólicos, subestaciones y líneas de alta tensión. Se llevará a cabo un análisis en función de distintos aspectos ambientales y **hasta un máximo de 5 km de distancia**. Los elementos que se encuentran dentro de este ámbito son los siguientes:*

Parques eólicos:

- Chantada – 6 aerogeneradores*
- Penas Grandes – 9 aerogeneradores*
- Serra do Faro – 11 aerogeneradores*
- Coto frío – 5 aerogeneradores”*

Por tanto, desde un punto de vista metodolóxico, é o propio EsIA o que limita a súa análise ata un máximo de 5 km de distancia.

No documento técnico agora presentado dise que:

“La metodología empleada por la DXPN considera el área de la ADE como referencia, y un buffer de 1 km en el torno a cada posición de aerogenerador. Según el informe PE-OU-008-21(3), se hace referencia a la existencia de 31 aerogeneradores pertenecientes a 4 parques eólicos.

.../...





Con los datos actualizados a fecha 27/12/2022 según la información pública disponible, y con la información proporcionada por los promotores de dichos parques respecto a sus posiciones definitivas, en el área de estudio considerada en el EslA de 5 kilómetros respecto a las posiciones del presente parque los parques eólicos y aerogeneradores previstos son los siguientes:

- PE Chantada: 6 aerogeneradores*
- PE Penas Grandes: 9 aerogeneradores*
- PE Serra do Faro (MNS): 7 aerogeneradores*

El PE Coto Frio ha reducido el número de aerogeneradores propuestos, quedando todos ellos fuera de los 5 kilómetros con respecto al PE de referencia.”

Debe poñerse de manifesto que, no informe PE-OU-008-21(3), os datos sobre o número de aerogeneradores figuran no apartado no que se recollen datos do propio EslA presentado. Non son datos utilizados por esta DXPN na súa análise.

No que se refire á fauna, o EslA, no seu apartado “8.7.3 Fauna” limítase a dicir:

“En general las especies citadas o potencialmente presentes en la zona son especies de distribución amplia en Galicia, incluyendo varias especies de aves rapaces. Las potenciales especies estivales y nidificantes presentes en la zona no difieren de forma significativa de las que pueden encontrarse en hábitats semejantes presentes en Galicia. Cabría esperar tener en consideración, además de estas, posible presencia de ejemplares invernantes o migrantes e periodos pre y postnupcial de muchas de estas especies o de otras que únicamente emplean la zona en sus desplazamientos estacionales.

No se localizaron ni está documentada la existencia de dormideros, vertederos, grandes humedales, zonas de nidificación colonial u otro tipo de grandes concentraciones de aves en el entorno del parque eólico o relativamente próximos a este. Tampoco se considera la presencia de rutas migratorias de interés.





*Por lo que respecta a las especies de aves rapaces y otras de tamaño medio o grande que se puedan ver afectadas por los parques eólicos en la zona son principalmente ejemplares de ratonero *Buteo buteo* y de cernícalo *Falco tinnunculus*, que son los más detectados durante las visitas de campo.*

*Destaca por su interés y por ser una especie propia de los hábitats afectados por la implantación del parque el aguilucho cenizo *Circus pygargus* con presencia documentada en la zona, y que está catalogada como vulnerable en el Catálogo Galego de Especies Ameazadas, aunque ningún ejemplar de esta especie fue observado durante los trabajos de campo desarrollados en la zona, debido a la época en la que estos se llevaron a cabo.*

*Además de estas, están presentes o potencialmente presentes distintas especies de aves rapaces planeadoras entre la que destacamos el águila culebrera *Circaetus gallicus*, cuyos hábitos de vuelo que la hacen susceptible de colisionar con los aerogeneradores.”*

A identificación e valoración dos efectos acumulativos (aditivos ou sinérgicos) que se fai respecto da fauna é unha simple descrición dalgúns aspectos, insuficiente para xustificar con rigor ou fundamento a análise que se debe realizar, e sen que existan probas baseadas en estudos e datos reais que acrediten a suposta ausencia de impacto ambiental negativo. Cos criterios que se utilizan no análise dos efectos sinérgicos que fai o promotor sobre a avifauna na fase de explotación, os resultados aos que chegan (favorables) serían os mesmos para calquera conxunto de aerogeneradores independentemente do seu número, tamaño e proximidade.

- ❖ Sobre a falta de motivación que aduce o representante da entidade promotora, debe insistirse en que o informe de 20/12/2022 non se separa do criterio seguido en actuacións precedentes, senón que simplemente establécese unha metodoloxía de análise dos efectos sinérgicos que non se fixo no informe anterior.

Tal e como se indica no apartado 2.1 do documento técnico presentado: “*El empleo de indicadores cuantitativos, de superficie afectada en cada ADE así como la valoración de la superficie que es afectada en relación con la*





importancia ambiental de la misma, permite objetivar el grado de afección y, en su caso, comprobar si supera o no los umbrales de criticidad que fuesen fijados por la Administración competente."

Neste sentido a metodoloxía establecida pola DXPN permite facer un análise máis rigoroso que o que se vén facendo, con carácter xeral, nos estudos de impacto ambiental de parques eólicos.

- ❖ En relación ao aludido Regulamento (UE) 2022/2577 del Consejo de 22 de diciembre de 2022 por el que se establece un marco para acelerar el despliegue de energías renovables, cabe facer as seguintes apreciacións ao mesmo:
 - Foi publicado con posterioridade do informe do 20/12/2022 e moi posteriormente ao inicio da tramitación do proxecto. Data de publicación de 29/12/2022.
 - No artigo 1, "Objeto y ámbito de aplicación", recolle que *"El presente Reglamento se aplica a todos los procesos de concesión de autorizaciones cuya fecha de inicio esté comprendida en su período de aplicación y se entiende sin perjuicio de las disposiciones nacionales que fijen plazos más breves que los establecidos en los artículos 4, 5 y 7"*. Non hai por tanto obriga de ser aplicado para o presente proxecto.
 - No seu artigo 3 establécese a presunción (durante un prazo de 18 meses) de que os parques eólicos, entre outros tipos de instalación, son de interese público superior e, en base a iso, débese dar prioridade á súa construción e explotación. Con todo, polo que se refire á protección de especies, a frase anterior só debe aplicarse sempre que se adopten medidas adecuadas de conservación de especies que contribúan a manter as poboacións desas especies nun estado de conservación favorable, ou a restablecelas a ese estado, e destínense suficientes recursos financeiros, ademais de zonas, para ese efecto. Dado que o promotor non contribúe de ningún xeito a estes obxectivos, non resulta de aplicación tal prioridade.





- Ademais, de acordo con devandito regulamento, tal presunción pode ser refutada. Neste sentido, cabe dicir que a superficie ocupada polas ADE e as súas franxas perimetrais de 500 m ascende a 1.060.391 ha, un 36 % da superficie da Comunidade autónoma de Galicia. Por tanto, a libre ocupación de toda esta superficie tería efectos negativos moi notables sobre o patrimonio natural, incluída a Rede Natura 2000 e as especies, polo que a indiscriminada ocupación do territorio non pode cualificarse de interese público superior, máis se cabe tendo presente que dita presunción ten data de caducidade.
 - ❖ A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu anexo VI, parte A, apartado 4.b.5º di:
 - 5.º La acumulación de los efectos del proyecto con otros proyectos, existentes y/o aprobados, teniendo en cuenta los problemas medioambientales existentes relacionados con zonas de importancia medioambiental especial, que podrían verse afectadas o el uso de los recursos naturales.
- Á hora de establecer un escenario razoable ou verosímil da situación que se debe analizar para avaliar a acumulación dos efectos, a lei non di que se deban estudar unicamente aqueles aeroxeradores xa autorizados, en funcionamento ou en obras, e excluír outros proxectos que, como o proxecto de parque eólico Serra do Faro Ampliación II, está en fase de tramitación administrativa. Todo o contrario, di que se estudarán tamén os proxectos existentes, aínda que non estean aprobados.

3. Resposta ao terceiro bloque expositivo:

Neste punto o promotor fai unha proposta que modifica o proxecto no número de aeroxeradores, no tamaño destes e nas infraestruturas e instalacións asociadas, diminuíndose. Nesta proposta o número de aeroxeradores pasaría de 5 a 3, manténdose as posicións dos que quedan (máquinas 6, 7 e 8).

É necesario sinalar que o proxecto inicial contaba con 8 aeroxeradores. Destes informouse que debían eliminarse 3 por conflitos con avifauna (os números 2, 4 e 5), quedando 5 que finalmente foron informados de forma desfavorable por efectos sinérgicos con outros parques eólicos.



En consecuencia, coa proposta presentada agora o parque eólico pasaría de 8 máquinas a 3. Aínda que estes tres aerogeradores seguen estando dentro dunha área prioritaria para avifauna ameazada e/o zona de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, é certo que son os máis afastados da Rede Natura 2000 e da reserva da biosfera e xa se eliminaron os máis prexudiciais para a avifauna.

A principal consecuencia da eliminación das outras 5 máquinas é que se libera o corredor existente entre dúas ADE, evitando dar continuidade ás aliñacións dos parques eólicos Penas Grandes e Serra do Faro Fase 1ª. Respecto ás tres máquinas restantes que se propoñen manter, forman un pequeno núcleo relativamente afastado dos outros parques eólicos, polo que o efecto barreira vese reducido de forma clara.

Estes feitos revelan un nivel de permeabilidade que propician que poida asumirse que o efecto barreira sexa asumible dada a distribución e localización da nova configuración que se acaba de describir, isto sempre e cando se manteñan as demais variables.

Por tanto se considera que a igualdade dos demais parámetros (parques do entorno) o parque modificado é posible en atención a permeabilidade que o entorno inmediato mantén de cara os efectos sobre as sinerxias sobre aves e quirópteros e a mitigación a través do plan de custodia.

III. Conclusións

Á vista dos antecedentes e da análise da documentación considérase que o informe da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 20/12/2020 non supón un cambio de criterio e está pertinentemente motivado. Así mesmo a análise específica efectuada sobre os impactos sinérxicos e acumulativos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, con atención ás aves e quirópteros, e específico para a situación administrativa e bioxeográfica, tal e como se referiu no apartado precedente, quedando patente esta situación tamén a luz das observación do promotor ao seu propio documento ambiental.



Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Serra do Faro Ampliación II, infórmase que **o presente proxecto, tras as modificacións, non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias, sempre que se cumplan as seguintes condicións:**

- O proxecto desenvolverase só coas tres máquinas propostas.
- O proxecto cumprirá co resto de medidas requiridas no informe de 25/10/2022.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

